

Jorge M. Blanco Ballón ^{ID} · Miguel Fernández Pardo

O distintivo de calidade Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo: unha ferramenta para a mellora ambiental e a comercialización en circuítos curtos

Recibido: 4 abril 2022 / Aceptado: 15 xuño 2022
© IBADER- Universidade de Santiago de Compostela 2022

Resumo A análise de contexto do sector primario e da industria alimentaria ten revelado a potencialidade para o desenvolvemento dunha estratexia integral, que estimule a produción, transformación e consumo de produtos locais, como ferramenta fronte ao cambio climático e orientada cara os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2030. Xurde así no ano 2014 o deseño do Plan Alimentario da Reserva de Biosfera, cunha serie de obxectivos e unha folla de ruta dirixidos á mellora da gobernanza do Sistema Alimentario Local como un método de produción, distribución e consumo intimamente ligado co crecemento sostible. Unha das principais iniciativas postas en marcha dentro do Plan Alimentario foi a creación dun distintivo de calidade que sirva para diferenciar as producións locais e potenciar a comercialización en circuítos de proximidade, conectando a agricultura co consumidor final, así como coa restauración e os comedores escolares.

Palabras clave Reserva de Biosfera, Mariñas-Betanzos, LEADER, distintivo de calidade, sistema alimentario local.

Biosphere Reserve-Quality label: a tool for environmental improvement and developing short food supply chains in Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Jorge M. Blanco Ballón · Miguel Fernández Pardo
Asociación Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos. Entidade xestora Reserva Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. San Marcos, s/n. 15318 Abegondo. A Coruña (España).
Email: info@marinasbetanzos.gal

<https://doi.org/10.15304/rr.id8581>



Abstract An analysis of the context of the primary sector and the food industry has revealed the potential for the development of a comprehensive strategy, which stimulates the production, transformation and consumption of local products, as a tool against climate change and oriented towards the 2030 Sustainable Development Goals. Thus, in 2014, the design of the Food Plan of the Biosphere Reserve, with a series of objectives and a roadmap aimed at improving the governance of the Local Food System as a method of production, distribution and consumption closely linked with sustainable growth. One of the main post initiatives underway deals with the search for added value in productions and services, through the creation of a quality label that serves to differentiate our proximity circuits, and connects agriculture with the final consumer, with restaurants and businesses and school canteens.

Key words Biosphere Reserve, Mariñas-Betanzos, LEADER, quality label, local food system.

Introdución

A celebración, no ano 1968, da Conferencia sobre a Conservación e o Uso Racional dos Recursos da Biosfera da UNESCO, marcou a posta en marcha do Programa MaB da UNESCO, o cal non se desenvolvería de forma efectiva ata o ano 1971. O concepto de Reservas de Biosfera, desenvolvido inicialmente no ano 1974, era un factor clave para lograr o propósito de compatibilizar os obxectivos de conservación da biodiversidade, fomento do desenvolvemento socioeconómico e mantemento dos valores culturais asociados. As Reservas de Biosfera foron concibidas como áreas para experimentar, perfeccionar, demostrar e implementar dito obxectivo. En 1974, un grupo de traballo do Programa Persoa e Biosfera (MaB) da UNESCO introduce o concepto de Reserva de Biosfera, consistente en harmonizar a conservación da natureza co desenvolvemento das necesidades humanas. O lanzamento da Rede Mundial de Reservas de Biosfera iniciouse en 1976, aprobando as primeiras Reservas que

integrarían dita Rede. Pola súa parte, o Estado Español contribuía ó desenvolvemento e posta en marcha deste novo escenario mediante a creación da Rede de Reservas de Biosfera Españolas (RRBE) no ano 1992, coa integración dunha decena de Reservas.

En 1995 elaborouse unha estratexia global de funcionamento e desenvolvemento sostible das Reservas de Biosfera, con motivo da Conferencia Mundial de Reservas de Biosfera celebrada en Sevilla, na cal se aprobaba a denominada Estratexia de Sevilla, así coma o Marco Estatutario da RMRB, que actualmente continúa vixente (Ramil-Rego et al., 2021).

A Estratexia de Sevilla (UNESCO 1996) se marcaba catro grandes obxectivos a cumprir nos territorios designados como Reservas de Biosfera: Utilización das Reservas de Biosfera como lugares para a conservación da diversidade biolóxica natural e cultural; Empregar as Reservas de Biosfera como modelos na ordenación do territorio e lugares de experimentación do desenvolvemento sostible; Utilizar as Reservas de Biosfera para a investigación, a observación permanente, a educación e a capacitación; Aplicar o concepto de Reserva de Biosfera a nivel territorial. Pola súa banda o Marco Estatutario aprobado na Conferencia de Sevilla establecía que ditos espazos deben procurar ser lugares de excelencia para o ensaio e a demostración de métodos de conservación e desenvolvemento sostible a escala rexional mediante o logro de tres funcións que deben desempeñar: Conservación das paisaxes, os ecosistemas, as especies e a diversidade xenética; Desenvolvemento económico e humano sostible; Mellora do coñecemento científico e apoio

loxístico para xestionar estes procesos. Para poder cumprir con estas tres funcións fundamentais, as Reservas de Biosfera terán que dispoñer dunha zonificación adecuada, que se establece a través dun sistema de tres unidades, que inclúe zonas núcleo, zonas tampón e zonas de transición, constituíndo estas últimas as áreas onde se fomenten e practiquen as actividades de explotación sostible dos recursos (UNESCO, 1996, Ramil-Rego et al., 2021).

Unha das características fundamentais das Reservas de Biosfera é o traballo en rede, de modo que todas as Reservas de Biosfera forman parte da Rede Mundial de Reservas de Biosfera, de cuxa administración se encarga UNESCO. Ademais existen redes de carácter nacional ou subnacional, como a Rede Española de Reservas de Biosfera ou a Rede Galega de Reservas de Biosfera, ou redes transnacionais ou redes temáticas. A Rede Española de Reservas de Biosfera está integrada por 53 espazos, que se distribúen por dezaseis comunidades autónomas, sendo tres Reservas de carácter transfronteirizo (Secretaría del Programa MaB & Organismo Autónomo Parques Nacionales, 2019). Deste conxunto, sete Reservas de Biosfera localízanse en Galicia, conformando a Rede Galega de Reservas de Biosfera. A máis antiga é a Reserva de Biosfera de Terras do Miño (2002), á que seguiron, por orde de declaración, a Reserva da Área de Allariz (2005), Os Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá (2006), a Reserva de Biosfera do Río Eo, Oscos e Terras de Burón (2007), a Reserva Transfronteriza Gerês-Xurés (2009), a Reserva de As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (2013) e finalmente a recentemente declarada Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel (2021).



Figura 1.- Localización e municipios incluídos na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Figure 1.- Location and municipalities of Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo Biosphere Reserve

A Reserva de Biosfera de Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo sitúase ao noroeste de España, na provincia de A Coruña (Figura 1). A súa extensión abarca un total de 116.724 ha (113.969,7 ha. terrestres e 2.754,6 ha. mariñas), repartidas en 17 concellos. O territorio comprendido na Reserva abarca niveis altitudinais que van desde os 10 metros por baixo nivel do mar, na zona costeira do Océano Atlántico no Arco Ártabro, ao Norte da Reserva, ata os case 800 m. de altitude que se alcanzan nos contrafortes montañosos ao Sureste da mesma, nos municipios de Aranga, Curtis e Sobrado. Dentro da Reserva de Biosfera, sitúanse unha serie de cuncas litorais-sublitorales, articuladas ao redor da profusa rede hidrográfica presente no territorio. Neste sentido, é posible dividir o territorio en función da dirección de drenaxe das augas en varias concas ou sistemas hidrolóxicos, destacando que a maior parte dos territorios da Reserva verten ás dúas grandes rías presentes no territorio: a Ría de Betanzos e a Ría do Burgo (Blanco Ballón et al., 2012).

As condicións climáticas da Reserva están fortemente determinadas pola proximidade ao mar, o cal implica que unha parte representativa da súa superficie posúe condicións propias da zona litoral e sublitoral. Con todo, o clima da zona litoral e sublitoral contrasta co que é posible identificar cara ao interior da Reserva, nas zonas cuminais a máis de 600 m. de altitude, nas cales a temperatura media descende e rexístrase un período libre de xeadas de menor duración e unha maior amplitude térmica (Blanco Ballón et al., 2012). Por outra banda, o bioclima destes territorios correspóndese no seu maior parte cun bioclima subhiperoceánico, con temperaturas medias mensuais que sofren variacións pouco marcadas ao longo do ano debido fundamentalmente para o efecto atemperador do Océano. Esta influencia oceánica vai perdéndose cara ao interior da Reserva, a medida que as cotas son máis elevadas, de modo que a partir dos 400-500 m. de altitude o clima atopase dentro do tipo semhiperoceánico (Rodríguez Guitián & Ramil Rego, 2007).

Características diferenciais desta Reserva de Biosfera: alimentación e territorio

Unha das súas características máis significativas é a súa elevada densidade de poboación (171 habitantes/km²), cun total de 195.077 habitantes (Instituto Nacional de Estadística, 2019) e que condiciona parte dos retos que se prantexan no Plan de Xestión da Reserva de Biosfera (2013-2022) (ADR As Mariñas-Betanzos, 2013). A este feito cómpre engadir a súa proximidade á cidade de A Coruña, que cos seus 250.000 habitantes adicionais ten unha importante influencia no dinamismo de gran parte das actuacións levadas a cabo (Instituto de Desarrollo, 2009; Blanco Ballón et al., 2012). A altitude media, calidade de solos, clima temperado, influencia mariña así como temperaturas suaves e precipitacións moderadas condicionan e favoreceron historicamente a produción primaria, especialmente a horta. Deste xeito acádase un equilibrio entre o litoral e o medio rural que se traduce en sinerxías entre as actividades tradicionais e a innovación,

co xurdimento nos últimos anos de novos proxectos produtivos, fundamentalmente no eido agroecolóxico (Blanco Ballón et al., 2012).

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo conta cun 25% da súa superficie ocupada con cultivos e prados destinados principalmente á obtención de viño, cereais, hortalizas ou froitas (Blanco Ballón et al., 2012). Historicamente, os concellos da Reserva de Biosfera eran coñecidos como a “horta” da cidade da Coruña. A viticultura ten tamén presenza, onde ademais de conservar variedades históricas tradicionais coma o Branco Lexítimo ou o Agudelo, existe unha Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Viño da Terra de Betanzos. Outros cultivos que van gañando importancia económica nos últimos anos son o lúpulo e a froita. Entre os produtos alimentarios de primeira transformación destacan os queixos, as marmeladas, os xeados ecolóxicos ou a froita deshidratada (Blanco Ballón et al., 2012).

No conxunto do Estado español, conviven ata 10 casuísticas de modelos de gobernanza para o total das Reservas de Biosfera (Oñobre 2018; Ramil-Rego et al., 2021). Sinalar que o órgano xestor de Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo recae nunha Asociación de Desenvolvemento Rural, a Asociación Mariñas-Betanzos, entidade sen ánimo de lucro, que se constitúe no ano 2008 como Grupo de Desenvolvemento Rural coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais (126 entidades actualmente), tanto públicos coma privados, interesados en promover o desenvolvemento do seu ámbito de actuación. A súa estratexia ten como obxectivo final a valorización do territorio, incidindo na mellora da calidade de vida da poboación local a partir do patrimonio natural, cultural e de fomento da cohesión social. Na actualidade é a única Reserva de Biosfera en España xestionada por unha entidade deste tipo.

A súa función como Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) en Galicia confírelle a xestión do Programa Europeo LEADER no seu territorio, posibilitando aliñar os obxectivos do LEADER coa Reserva de Biosfera (Figura 2). Este programa supón a súa principal fonte de financiación, á que hai que engadir a participación noutros proxectos de diversa índole (turismo, mellora ambiental, educación ambiental en escolas, programas LIFE, Deputación, etc.). LEADER (Blanco Ballón et al., 2016; Esparcia & Mesa, 2020) comprende na actualidade o conxunto de medidas do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR 2014-2020) de Galicia, o cal ven sendo impulsado pola Unión Europea dende 1991 para descentralizar as políticas de desenvolvemento rural, de maneira que o territorio deixe de ser un simple destinatario destas políticas para converterse en protagonista do seu propio desenvolvemento (Esparcia & Mesa, 2020).

Nestes programas, a participación da poboación local para mellorar a gobernanza é unha das súas claves. Os territorios deben definir estratexias integrais elaboradas polos actores locais e baseadas nos recursos que o territorio ofrece. Estas estratexias deben fixar a innovación como un dos seus piares, e serán a base para dispoñer de



Figura 2.- Características da Metodoloxía LEADER
Figure 2.- Characteristics of the LEADER Methodology

fondos para a súa execución, mediante un equipo técnico que acompañe todo este proceso a nivel territorial. Será clave tamén o establecemento de alianzas con outros territorios e actores que permitan traballar en rede e a aprendizaxe mutua (Blanco Ballón et al., 2016).

Na candidatura da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (Blanco Ballón et al., 2012), establécese o Plan de Xestión para o período 2013 – 2022, aprobado pola UNESCO na declaración oficial da Reserva da Biosfera que foi acordada na XXV Reunión do Consello Internacional de Coordinación do Programa MaB, celebrada na sede da UNESCO en París do 27 ao 30 de maio de 2013.

Este Plan de Xestión constitúe un plan de desenvolvemento sostible da Reserva da Biosfera, cuxa finalidade é establecer as liñas de actuación concretas para o cumprimento dos obxectivos das Reservas da Biosfera para o período 2013 – 2022. A posta en marcha e desenvolvemento do Plan de Xestión comparte a Visión compartida e a Misión da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. A Visión céntrase en fomentar o aproveitamento sostible dos recursos endóxenos, así como a conservación do patrimonio natural e cultural que identifica a este territorio, permitindo a mellora da calidade de vida da poboación local. Esta Reserva de Biosfera, mediante a participación dos seus poboadores, comprometeuse coa conservación dos recursos naturais a través dun modelo de desenvolvemento socioeconómico sostible xerador de oportunidades para a igualdade social, sen comprometer a xeracións futuras, mellorando o uso racional do territorio e a súa gobernanza, desenvolvendo actividades de formación e investigación, así como poñendo en marcha experiencias demostrativas de desenvolvemento sostible. O Plan estruturase nas seguintes liñas de acción: xestión adaptativa; cumprimento das funcións de conservación; comunicación a Reserva de Biosfera; sustentabilidade do medio rural coa biodiversidade; sustentabilidade da pesca e marisqueo; producións e turismo de calidade; ciencia e desenvolvemento de capacidades; cooperación e traballo en rede; conservación dos recursos patrimoniais.

O Plan alimentario da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (Figura 3) fórmase polos axentes pertencentes ao sistema alimentario local, a partir

do traballo dunha Comisión técnica e as varias Mesas temáticas que traballaron desde novembro de 2014 a xullo de 2015, cunha visión e uns obxectivos consensuados e compartidos por todos os axentes participantes. A Comisión Técnica Alimentaria estivo integrada por preto de 40 representantes dos principais axentes do sistema alimentario do territorio (produtores locais, empresas agroalimentarias, distribuidoras, grupos de consumo, asociacións de consumidores, restauradores, técnicos agrarios, centros de investigación, fundacións). O 6 de novembro de 2014, data de presentación do proxecto, constituíuse a Comisión Técnica do Plan alimentario, cuxa labor estivo centrada na identificación de liñas de acción para o desenvolvemento sostible do Sistema Alimentario Local, é dicir, identificar, promover, validar e colaborar na implementación de estratexias e iniciativas vinculadas ao mesmo. Dada a excelente resposta e interese dos axentes do territorio pola participación no proceso, conformáronse grupos temáticos de discusión nos que participaron un número amplo de persoas.

Deste xeito, no ano 2014, co apoio da Fundación Biodiversidade (do polo entón Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente) deséñase de maneira participativa un Plan Alimentario da Reserva de Biosfera (ADR As Mariñas-Betanzos, 2015). Esta planificación supón a creación colaborativa dunha estratexia para desenvolver e poñer en marcha actuacións en relación á produción, comercialización e consumo de produtos locais.

As súas principais liñas de acción son:

- Fomento da produción e transformación agroecolóxica, mellorando a biodiversidade.
- Animación do consumo de alimentos locais no circuito corto.
- Mellora da gobernanza no sistema alimentario local.
- Concienciación sobre os sistemas Alimentarios Locais na poboación do territorio.
- Reforzo da innovación no sistema alimentario e traballo en rede.

A declaración das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo como Reserva de Biosfera, brindou tamén a oportunidade de reforzar as prácticas agrarias sostibles que permitan obter produtos de mellor calidade mellorando

simultaneamente a biodiversidade. O impulso á creación de emprego “verde”, a partir de producións agroalimentarias sostibles é unha das apostas máis claras desta Reserva de Biosfera.

Estratexia de desenvolvemento da Reserva de Biosfera e o Sistema Alimentario Local

O termo Sistema Alimentario Local refírese aos alimentos producidos, elaborados, distribuídos e consumidos localmente. Como resposta á globalización, ás multinacionais alimentarias e ao cambio climático, están a xurdir modelos alimentarios alternativos máis xustos desde o punto de vista social e ambiental. A preferencia polos produtos producidos localmente dalgúns consumidores fomenta a cultura e a identidade rexionais, as economías alimentarias autosuficientes, os vínculos entre o medio rural e o urbano e, en xeral, a sustentabilidade (Martinez et al., 2010; FAO 2019, 2021). Sistema Alimentario Local emprégase para describir un método de produción e distribución que estea xeograficamente localizado, a produción ten lugar preto dos fogares dos consumidores, polo que a distribución lévese a cabo en distancias moito máis curtas que as canles de distribución industrial a nivel

global, estando intimamente ligado co crecemento sostible (FAO 2021).



Figura 4.- Esquema gráfico das liñas de acción do Plan Alimentario da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo
Figure 4.- Graphic outline of the action lines of Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo Biosphere Reserve Food Plan

PLAN ALIMENTARIO

2014- 2022



Figura 3.- Portada do documento, Plan alimentario 2014-2022, elaborado pola Asociación Mariñas–Betanzos

Figure 3.- Cover of the document, Food Plan 2014-2022, prepared by the Mariñas-Betanzos Association

Un dos principais alicerces dun Sistema Alimentario Local debe ser a súa sustentabilidade, co pulo a economías con baixas emisións de carbono, facendo un uso eficiente dos recursos, protexendo o ambiente mediante a redución de emisións e evitando a perda de biodiversidade, ademais de potenciar as iniciativas emprendedoras e dotar aos consumidores de maior información (FAO 2021).

Por todo o exposto anteriormente, identificouse desde a Reserva de Biosfera a enorme potencialidade do territorio para o desenvolvemento dun sistema alimentario que estimúlase a produción, transformación e consumo de produtos locais. Todo elo apoiado na recuperación de variedades locais, o emprego de canles curtas de comercialización e na creación dun distintivo de calidade que diferenciasse estas producións nos mercados.

O distintivo de calidade Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

As marcas de calidade de produtos ligados a espazos naturais permiten a identificación de produtos locais elaborados nesas contornas naturais, de maneira respectuosa co ambiente, que en ocasións conforman produtos típicos ou exclusivos da zona. As marcas achegan

aos espazos naturais valores de conservación ou de coñecemento do espazo e os seus recursos naturais, á vez que fomentan a dinamización socioeconómica dos territorios e melloran o nivel de vida das poboacións implicadas. Por outra banda, unha marca permite que o consumidor identifique uns produtos e servizos diferenciados.

No Estado español unha iniciativa pioneira na creación dunha marca de produtos ligados a espazos naturais, foi Parque Natural de Andalucía, un distintivo de calidade promovido pola Junta de Andalucía que ofrece ao empresariado unha porta aberta a novas canles de promoción, difusión, comercialización e venda de determinados produtos ou servizos dos parques naturais andaluces. En relación coas Reservas de Biosfera existe unha iniciativa de recoñecemento dos produtos locais e respectuosos co medio que se materializa na Marca de Calidade Reservas da Biosfera Españolas, concibida para destacar e diferenciar aqueles produtos artesanais e naturais dos territorios recoñecidos como Reservas da Biosfera, así como os produtos elaborados e servizos dos municipios que pertencen ás Reservas e que contribúan a cumprir coas funcións básicas de conservación, desenvolvemento e apoio loxístico. Ademais existen outras Reservas de Biosfera que en consonancia con estes preceptos foron desenvolvendo as súas propias marcas de calidade, como entre outras as marcas de calidade Reserva de Biosfera de Ordesa-Viñamala; La Palma; Menorca; Terras del Ebre; Valles del Leza, Juberá, Cidacos y Alhama; entre outras. A Marca de Calidade Reservas de Biosfera españolas, actúa como paraugas das distintas marcas que xorden en cada unha das reservas de biosfera.

O concepto de marca

As marcas son signos distintivos. A súa función é a de diferenciar e individualizar no mercado uns produtos ou servizos de outros produtos ou servizos similares, así como identificar a súa orixe empresarial e, dalgún xeito, ser un indicador de calidade e un medio de promoción das vendas. A marca colectiva é aquela que serve para distinguir no mercado os produtos ou servizos dos membros dunha asociación de fabricantes, comerciantes ou prestadores de servizos. O titular desta marca é dita asociación (Diehl 2017; OEPM, 2020).

A grandes trazos, o concepto de marca conta con dous compoñentes: o visual e o cualitativo. Este último abrangue a denominada calidade comercial ou alimentaria -consecuente coas esixencias legislativas obrigatorias, incluíndo as sanitarias- e a calidade diferenciada. É por medio da calidade diferenciada, a través da aplicación de requisitos adicionais de carácter voluntario, pola que se busca introducir nun produto ou servizo os valores que logren a implicación dos consumidores. A calidade diferenciada convértese, polo tanto, no eixo primordial dunha marca como a da Reserva de Biosfera.

Unha marca utilízase fundamentalmente para diferenciar produtos ou servizos doutros similares. O seu obxectivo principal é influír de maneira positiva na decisión de compra

do cliente. Ademais, exercen de recordatorio para a repetición de compra en caso de satisfacción inicial.

Por qué unha marca Reserva de Biosfera

No territorio da Reserva de Biosfera, ao igual que en gran parte de Galicia, se ven manifestando dende hai varios anos un proceso de abandono das actividades agrarias que, entre outras consecuencias, ten o seu reflexo no crecente número de terras ociosas ou improdutivas (Beiras, 1969; Fernández Taboada, 1999; Ferrás et al., 2004; Pazo & Moragón, 2018). Isto supón implicacións negativas non só dende o punto de vista da produtividade agraria, senón tamén en relación ao ambiente e á biodiversidade. Entre as pequenas empresas agroalimentarias detéctanse ademais problemas para a comercialización de produtos locais, orixinados tanto pola limitade capacidade de recursos das mesmas como, noutras ocasións, polo propio descoñecemento dos consumidores respecto da súa existencia.

En contraposición, Mariñas Coruñesas goza dunhas magníficas condicións agroclimáticas así como da existencia de producións históricas tradicionais de calidade (viño, horta, pan,...). Por outra parte, a propia Reserva conta con arredor de 195.000 habitantes, aos que unido a poboación da cidade da Coruña lle confiren un potencial de consumo dunhas 450.000 persoas (Blanco Ballón et al., 2012; ADR As Mariñas-Betanzos, 2015).

Facíase polo tanto necesario crear un elemento diferenciador con capacidade de protexer e promocionar ás producións locais, así como por en marcha novas iniciativas innovadoras de cara ao aporte de valor engadido.

Que valores se pretenden asociar coa marca?

Partindo da vinculación á orixe xeográfica e á tradición, ao distintivo de calidade da Reserva de Biosfera se lle confiren adicionalmente unha serie de valores relativos a materias primas, procesos produtivos, de transformación e comercialización así como de responsabilidade social e ambiental das empresas e granxas que os elaboran.

A marca Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo é un distintivo dirixido a recoñecer os produtos e servizos do territorio que ofrecen uns valores acordes co espazo no que se desenvolven. Créase coa finalidade de diferenciar, engadir valor, promocionar e difundir os recursos locais que potencien as actividades económicas tradicionais e a economía social no marco da sustentabilidade do territorio amparado (Figura 5).

A Reserva de Biosfera, como figura de recoñecido prestixio avalada pola UNESCO, deberá servir como vínculo do conxunto de valores dos produtos amparados e, ao mesmo tempo, como reclamo e garantía cara o consumidor.

A marca debe de servir tamén como un recoñecemento ao traballo ben feito polas persoas que producen alimentos coidando do medio, e como estratexia para que se sintan parte dun «proxecto común» de territorio.



Figura 5.- Valores que pretende transmitir a Marca
Figure 5.- Values that the label intends to convey

Como se crea a marca da Reserva de Biosfera?

A continuación recóllense os pasos seguidos para a creación e posta en funcionamento d distintivo de calidade da Reserva de Biosfera (Figura 6):

0.- Creación da imaxe corporativa. Á marxe das distintas opcións e alternativas que adoita ofrecer un manual de imaxe corporativa, a imaxe da marca da Reserva de Biosfera deberá de ter concordancia coa propia imaxe da Reserva de Biosfera.



Figura 6.- Proceso de creación da marca de calidade Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Figure 6.- Process for creating the Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo Biosphere Reserve quality label

1.- Elección da figura legal. O dereito de creación, propiedade e uso sobre unha marca atópase lexislado a través da Lei 17/2001, de 7 de decembro, de Marcas. Entre as alternativas de rexistro recollidas, Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo optou pola Marca de produto ou servizo.

2.- Elección da titularidade. O titular da marca é a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, entidade sen ánimo de lucro e Órgano Xestor da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

3.- Elaboración do Regulamento de Uso. O Regulamento da marca ten por obxecto fixar as condicións de uso da marca e logotipo adoptado, así como os requisitos que haberán de cumprir as persoas autorizadas a utilizala e os recursos (produtos, bens e servizos) para os que se concede dita autorización (Figura 7).

Dependendo do tipo de marca pola que se opte é posible que o Regulamento de uso sexa un documento sobre o que obter autorizacións por parte da Administración Autonómica e que ademais se deba rexistrar na Oficina Española de Patentes e Marcas. Por este motivo, é recomendable que cumpra dúas características principais: por unha parte ser claro, conciso e recoller a totalidade de aspectos esixibles e,

por outra, ter un nivel de definición que, ante eventuais cambios ou modificacións (sobre todo de índole técnica), non obrigue a repetir o proceso de autorización e rexistro.

4.- Sistema de control. A entidade encargada de velar polo cumprimento dos requisitos fixados para formar parte da marca deberá traballar sobre unha sistemática predefinida. Dita sistemática é o sistema de control e certificación.

A finalidade da certificación é establecer a conformidade dos produtos ou servizos de acordo ás especificacións técnicas establecidas. O control da marca pode vir da man da propia titularidade desta (sempre e cando dispoña de persoal e medios suficientes) ou ben a través dunha entidade de certificación por terceira parte. A opción escollida no caso de Mariñas Coruñesas foi a primeira, debendo establecer unha clara separación entre titular e usuarios da marca e obrando baixo os principios da competencia, imparcialidade, independencia e fiabilidade.

5.- Elaboración de Prego de condicións por produto/servizo. Trátase de documentos individualizados para cada produto ou servizo que se desexe agregar á marca, podendo ir incorporándose de maneira paulatina en función das necesidade e demandas recollidas (Figura 8).



Os principais contidos desde Regulamento son os que se amosan esquematicamente de seguido:

- Obxecto e ámbito de aplicación
- Titularidade
- Réxime de uso
- Produtos/Servizos amparados
- Procedemento de solicitude e autorización
- Duración e caducidade
- Medidas de control, vixilancia e sancións
- Etiquetado
- Modificacións do regulamento

Figura 7.- Principais contidos do Regulamento de uso da Marca Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Figure 7.- Main contents of the Regulations for the use of the Mariñas Coruñesas and Terras do Mandeo Biosphere Reserve label



Figura 8.- Pregos de condicións en funcionamento actualmente na marca de Mariñas Coruñesas

Figure 8.- Specifications currently in operation the Mariñas Coruñesas label

Estes pregos técnicos recollen e regulan de maneira detallada todos aqueles parámetros encargados de fixar os requisitos e condicionantes aos que se deberán someter os operadores que desexen converterse en licenciarios da marca.

Durante o proceso de elaboración dun Prego de condicións, resulta de gran importancia o feito de contar coa participación e opinión do propio sector implicado, logrando así o nivel de definición máis adaptado ao territorio, particularizado e que permita reflexar as diferenzas dese produto/servizo en cuestión.

6.- Rexistro da marca. Por medio da Propiedade Industrial se obteñen uns dereitos en exclusiva sobre determinadas creacións inmateriais que se protexen como verdadeiros dereitos de propiedade. As Marcas e Nomes Comerciais (Signos distintivos) son un tipo de dereito de Propiedade Industrial.

A Oficina Española de Patentes e Marcas -OEPM- é o Organismo Público responsable do rexistro e da concesión das distintas modalidades de Propiedade Industrial.

Os trámites de solicitude os pode realizar directamente calquera persoa física ou xurídica, existindo tamén a opción de externalizalos a través dun axente da propiedade industrial. Existen formularios específicos para o procedemento de rexistro. A entrega pode realizarse en formato papel nos centros rexionais da propiedade industrial ou tamén realizar a tramitacións a través da sede electrónica da OEPM.

Á marxe doutros trámites (como a obtención, dependendo do tipo de marca, do informe favorable e vinculante da Administración Autonómica), de acordo coa Lei de Marcas (Disposición adicional quinta) o prazo máximo de que dispón a OEPM para resolver unha solicitude é de 12 meses (si a solicitude non sofre ningún suspenso e non tivera oposicións) ou 20 meses si sufrira algún suspenso ou oposición. Unha vez concedida, considérase dereito ao seu uso durante un período de 10 anos, sempre e cando se faga uso demostrable da mesma. Á finalización de dito período será necesario proceder a renovar o rexistro (abono de taxa de renovación).

Para a solicitude de rexistro é necesario recorrer á Clasificación Internacional de Produtos e Servizos (Clasificación de Niza). A Clasificación de Niza é unha relación dos produtos e servizos para o rexistro das marcas de fábrica ou de comercio e das marcas de servizos. O solicitante debe de indicar a clase ou clases para as que solicita a marca no momento da solicitude.

Existen un total de 45 clases de produtos e servizos. A taxa de rexistro dependerá do número destas que se desexe rexistrar.

7.- Adhesión de empresas. O procedemento de adhesión das empresas iníciase coa recepción das Solicitude de autorización de uso por parte das mesmas (Figura 9). O proceso varía en función do sector do que se trate.




Figura 9.- Proceso de adhesión de empresas á Marca de Calidade

Figure 9.- Adherence process of companies to quality label

Empresas agroalimentarias:

Unha vez rexistrada a solicitude, realízase a recompilación documental necesaria. As empresas deben de acreditar de maneira inequívoca dous aspectos principais:

- O seu funcionamento legal nos ámbitos de sanidade, laboral, fiscal e de permisos de actividade.
- Correspondencia xeográfica coa Reserva de Biosfera do seu proceso produtivo e materias primas.

A continuación realízase a visita ás instalacións do solicitante. O obxectivo é dobre: por unha banda trátase de cotexar que a documentación aportada se corresponde coa

realidade e, por outra, lévase a cabo unha comprobación de boas prácticas na produción / elaboración e de responsabilidade social empresarial (uso de recursos locais, calidade ambiental e calidade social).

A partir da inspección por parte do equipo técnico da Reserva (documental + instalacións + funcionamento) redáctase un Informe técnico que é remitido á Comisión Técnica da Marca, conformada por membros do Comité Científico da Reserva de Biosfera dos ámbitos profesionais agrario e alimentario. Dita Comisión avalía os informes técnicos aportados e emite a súa valoración.

Por último, tanto o Informe técnico como a valoración da Comisión da marca son remitidos á presidencia da Reserva de Biosfera, que é dende onde se adopta a decisión final vinculante.

O procedemento de adhesión remata coa sinatura do Contrato de Autorización de Uso e coa emisión do Certificado de Adhesión á marca.

Empresas de restauración e aloxamentos:

Por outra parte, a adhesión da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo ao Club de Ecoturismo de España implica unha metodoloxía diferente para as empresas deste sector que desexen adherirse.

Para a sistemática e axuda na implantación da marca en restauración e aloxamentos, tense empregado a metodoloxía SICTED (Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos). SICTED proporciona un sistema integral e permanente de xestión da calidade nun destino turístico cunha nova concepción dos resultados esperados, un enfoque cara a mellora continua e unha actitude de recuperación e posta en valor dos recursos e do espazo. Isto implica que, trala solicitude de adhesión, as empresas deban pasar por un programa formativo e de avaliación que deberán superar, estando o proceso externalizado nestes supostos.

8.- A Marca estatal Reservas de la Biosfera Españolas.

A liña de Acción Estratéxica C.7 da Estratexia do Programa MaB da UNESCO (2015-2025), aprobada pola 38ª Conferencia Xeral da UNESCO, celebrada en París o 17 de setembro de 2015 recoñece a marca mundial «Reserva de la Biosfera», pero cun carácter complementario á marca local de cada Reserva de Biosfera.

Para dar resposta a dito precepto, desde o Organismo Autónomo Parques Nacionais (Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico) créase a marca «Reservas de la Biosfera Españolas», á que poderán adherirse todas aquelas Reservas de Biosfera do territorio nacional que á súa vez teñan implantada unha marca propia. O Real Decreto 599/2016, de 5 de decembro, regula a licenza de uso da marca Reservas de la Biosfera Españolas. Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo é a primeira Reserva de Biosfera a nivel mundial en adherir algunha das súas empresas a esta modalidade de marca estatal.

Actuacións de apoio para as empresas asociadas á marca

Aínda que non existen costes por pertencer á Marca Reserva de Biosfera, as entidades asociadas reciben ademais os seguintes servizos:

1.- Imaxe corporativa e etiquetado. A través de etiquetado coa identidade da marca, por medio de bolsas de papel e de bolsas reutilizables para os seus clientes e con placas acreditativas da súa adhesión á marca da Reserva.

2.- Espazos web e redes sociais. A web da Reserva de Biosfera conta cun espazo específico para a marca e os seus asociados (<https://www.marinassetanzos.gal/marca-calidade>). Dispón de información de cada unha das empresas adheridas, sobre as que con carácter adicional se realizan campañas periódicas de promoción nas redes sociais. Pola súa parte, as empresas de aloxamento e restauración tamén teñen o seu espazo propio por medio da web <https://turismo.marinassetanzos.gal/>

3.- Organización e participación en eventos. Dende a Reserva de Biosfera, en colaboración cos concellos organízanse eventos de promoción das empresas acollidas á marca. Durante os mesmos, desenvólvense actividades paralelas como showcookings, talleres infantís e conferencias.

Ademais, na medida do posible, aos adheridos bríndaselles a oportunidade de ter presenza en outros eventos temáticos de proxección nacional (Figura 10).

4.- Apoio ao fomento da biodiversidade. Cos obxectivos do fomentar a biodiversidade e o control biolóxico de pragas nas explotacións asociadas á marca, realizouse unha campaña de instalación de refuxios de fauna útil entre as mesmas, téndose xa instaladas arredor de sesenta refuxios para morcegos, caixas niño e hoteis de insectos (Figura 11).

Formación e apoio técnico. O persoal técnico da Reserva intenta apoiar no día a día ás empresas a través de organización de cursos, seminarios ou xornadas formativas, acompañamento en trámites de axudas e subvencións, proxectos e plans empresariais. Os restaurantes adheridos á Marca dispoñen ademais doutras ferramentas de apoio proporcionadas pola Reserva de Biosfera, como son Guías promocionais, roupa de traballo corporativa, placas no exterior dos locais, distintivos na recepción e expositores informativos sobre a Reserva de Biosfera e os seus produtos, ou envases ecolóxicos compostables para os servizos de cociña take away.

A finais de 2021, trinta e dúas empresas alimentarias se atopan adheridas á Marca da «Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo», sete das cales están integradas adicionalmente na marca estatal Reservas de la Biosfera Españolas. Cómpre destacar así mesmo, que once destas empresas teñen acadado tamén a certificación en empresas de agroturismo. Trátase na súa inmensa maioría de pequenas empresas, en moitos casos unipersonais, ás que a Reserva de Biosfera debe de apoiar no seu proceso de diferenciación no mercado.



Figura 10.- Participación e feira gastronómica
Figure 10.- Adherence process of companies to quality label



Figura 11.- Caixa niño instalada ao abeiro do apoio da marca de calidade Reservas de Biosfera Españolas
Figure 11.- Nest box installed under the support of the Spanish Biosphere Reserves quality label

A metade pertencen ao sector hortícola (dispondo boa parte delas de certificación adicional en Agricultura Ecolóxica), seguidas das adegas de viño (integradas tamén na Indicación Xeográfica Protexida Viño da Terra de Betanzos e que utilizan a variedade autóctona recuperada “Branco Lexítimo”). Ademais hai empresas elaboradoras de marmeladas e conservas vexetais, plantas aromáticas e lácteos (Figura 12).

A todo este proceso de adhesión se ten ido incorporando paulatinamente a restauración local. A Reserva de Biosfera conta con vinte e un establecementos de restauración adheridos e comprometidos co consumo, a posta en valor dos produtos locais e a xestión ambiental. Do mesmo xeito, cóntase coa adhesión de nove “Aloxamentos da Biosfera”.




Figura 12.- Distribución por sectores das empresas alimentarias adheridas á Marca de Calidade

Figure 12.- Sector distribution of the food companies adhered to the quality label

Conclusións

A formulación do Plan Alimentario da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo no ano 2015, ten permitido e posta en marcha dun Sistema Alimentario Local baseado na recuperación de cultivos e variedades locais e a creación de emprego verde. Este Plan ten funcionado como un motor do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera, conectando diferentes sectores: cambio climático, biodiversidade, conservación e mellora de augas, xeración de emprego, creación dun proxecto aglutinador de distintos axentes, etc.

A Marca Reserva de Biosfera para produtos alimentarios permitiu visibilizar a estratexia da Reserva de Biosfera ao conxunto da sociedade, incorporando a participación de axentes interesados, como as persoas produtoras de alimentos. Esta Marca acadou a agregación de valores, como a contribución á mellora da paisaxe e a manter un medio rural vivo xerando emprego, á vez que se mellora a biodiversidade.

Durante a crise da COVID-19 a sociedade se fixo máis sensible á compra de produto local, forxando alianzas entre produtores de proximidade e consumidores, que ten continuado desde ese momento e se ten reforzado.

A sinerxía lograda entre os sectores primarios e alimentario do territorio coa Restauración está a permitir reforzar a comercialización en circuitos curtos. Coa creación dos “Menús da Biosfera” nestes restaurantes, lógrase mellorar a capacidade comercial das granxas, crear unha rede comercial local con baixo impacto ambiental e dar a coñecer e por en valor producións tradicionais do territorio, reforzando a diferenciación turística destes restaurantes.

A creación da Marca ten favorecido a integración da produción alimentaria local na restauración, reforzando o atractivo turístico do territorio.

Sinalar tamén que a posta en marcha doutras actuacións

como o proxecto “EcoComedores da Biosfera”, que conta co apoio da Fundación Carasso e da Medida LEADER, está permitindo reforzar os vínculos entre a comunidade educativa dos centros escolares do territorio cos seus produtos de proximidade, reforzando estas economías de proximidade a escala local e axudando a visibilizar a Reserva de Biosfera no eido educativo.

O consumo de producións locais de temporada, diminúe a pegada ambiental da alimentación, loitando por tanto contra o cambio climático.

Finalmente, destacar que no ano 2019, o Consello Internacional de Coordinación do Programa MaB da UNESCO outorgou en París o Premio Michel Batisse ao Plan Alimentario da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, polo seu traballo na promoción dos alimentos de proximidade, á preservación de variedades autóctonas e á labor de vínculo entre produtores e consumidores.

Agradecementos. A Rafa Crecente (in memoriam). Á Fundación Biodiversidade e á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de Galicia (AGADER), por crer que o deseño dun Plan Alimentario Local podería ser posible. Á Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), por apoiar todo o proceso, fundamentalmente a animación das familias dentro do proxecto EcoComedores. Ao Organismo Autónomo Parques Nacionais (OAPN), por apoiar o proceso de creación do distintivo de calidade e pola creación na marca estatal Reservas de la Biosfera Españolas. Aos concellos que forman parte da Reserva de Biosfera, aos seus representantes, y aos representantes do tecido socio económico, pola súa confianza no equipo técnico. A Pablo Ramil Rego e Javier Ferreiro da Costa, do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural, pola seu labor imprescindible na configuración da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e polo seu apoio técnico continuo no funcionamento da mesma. E como non, ás produtoras e produtores de alimentos, polo seu agarimo á terra e polo empeño en loitar contra as dificultades, e esforzarse por ofrecernos o mellor de si mesmos.

Bibliografía

- ADR As Mariñas-Betanzos (2013). Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Plan de Xestión (2013-2017). Abegondo.
- ADR As Mariñas-Betanzos (2015). O Plan alimentario 2014-2020.
- Beiras, X.M. (1969). O problema da planificación en Galicia. En *Introducción á economía galega de hoxe*, VVAA, 153-187. Vigo: Galaxia.
- Blanco, J.M., Miranda, D., Eiriz, I.; Naveira, M., López, B. & Bonome, C. (2011). Mariñas-Betanzos sabe a... Guía de produtores agroalimentarios de "Mariñas-Betanzos. Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas-Betanzos.
- Blanco Ballón, J., Bonome González, C., Eiriz Naveira, I. & Giménez Solla, M. (2016). Programa LEADER (2007-2013). GDR Asociación Mariñas-Betanzos. Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos.
- Blanco Ballón, J.M., Crecente Maseda, R. & Vales Vázquez, C. (Coord) (2012). Propuesta de Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos. Documento técnico presentado ante la UNESCO (Paris).
- Crecente, M. (2004). Estudio de Desenvolvemento Turístico "Terra das Mariñas". Asociación Terra das Mariñas.
- Diehl, G.V. (2017). *Desarrollando la Identidad de Marca*. Identity Publications. UK.
- Esparcia, J. & Mesa, R. (2020). LEADER en España. Cambios recientes, situación actual y orientación para su mejora. Universitat de València.
- FAO (2019). *FAO: Retos y oportunidades en un mundo globalizado*. Roma.
- FAO (2021). *Nutrición y sistemas alimentarios: Manual para parlamentarios* N° 32. Roma. <https://doi.org/10.4060/cb2005es>.
- Fernández Taboada, M.A. (1999). Despoblación e estrutura económica: evolución recente e repercusións espaciais. En *A despoblación en Galicia: preocupación ou lóxica territorial*, Rodríguez González, R., López González, A., Fernández Taboada, M. A., Martínez López, M. y González Pérez, J., 131-160. Santiago: Tórculo.
- Ferrás, C., Macía, X.C., García, M.Y. & Armas, F.X. (2004). El minifundio sostenible como un nuevo escenario para la economía gallega. *Revista Galega de Economía*, 13 (1-2): 1-25.
- Gil Merino, A. (1982). La vendimia en las mariñas de Betanzos durante el siglo XVIII. *Anuario Brigantino*, nº 5: 92-94.
- Instituto de Desarrollo. (2009). *Atlas Socioeconómico de Galicia*. Fundación Caixanova.
- Martinez, S., Hand, M., Da Pra, M., Pollack, S., Ralston, K., Smith, T., Vogel, S., Clark, S., Lohr, L., Low, S. & Newman, C. (2010). *Local Food Systems Concepts, Impacts, and Issues*. Economic Research Report Number 97. United States Department of Agriculture - USDA.
- Mejjide Pardo, A. (1961). La viticultura gallega en el siglo XVIII. *Revista de Economía de Galicia*, 23-24:52-62.
- Mejjide Pardo, A. (1991). Aspectos de la vida económica de Betanzos en el siglo XVIII. *Anuario Brigantino*, 14: 51-70.
- Mejjide Pardo, A. (1995). La economía marítima de Sada y Fontán en la época precapitalista: Los salazones catalanes. *Anuario Brigantino*, 18: 91-104.
- OEPM 2(020). *Marcas*. Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. Madrid.
- Oñorbe, M. (2018). Las Reservas de la Biosfera españolas como modelos de gobernanza inspiradores de áreas protegidas. *Boletín EUROPARC-España. Revista técnica de los espacios naturales protegidos*, 45: 20-23.
- Pazo, A.J. & Moragón, M.P. (2018). El despoblamiento en Galicia: la visualización de la catástrofe. *AGER, Revista de Estudios sobre Despoblación y Desarrollo Rural*, 2018-2: 123-154.
- Ramil-Rego, P., Ferreiro da Costa, J., Gómez-Orellana, L., López Castro, H., Oreiro Rey, C., Rodríguez Guitián, M.A. (2021). *Áreas Naturales Protegidas, de las propuestas pioneras a los nuevos paradigmas en pro de la salvaguarda de la Naturaleza*. Monografías do Ibader, Serie Biodiversidade. Ibader. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo.
- Roca Cendán, M (1986). Do sector agrario en Betanzos no primeiro tercio do século XX. *Anuario Brigantino*, 9: 71-74.
- Rodríguez Guitián, M. A. & Ramil-Rego, P. (2018). Clasificaciones climáticas aplicadas a Galicia: revisión desde una perspectiva biogeográfica. *Recursos Rurais*, (3), 31-53. <https://doi.org/10.15304/rr.id5318>.
- Sevilla González, L. (1981). Treinta años de cultivo de lúpulo en la comarca de Betanzos. *Anuario Brigantino*, nº 4: 100-102.
- UNESCO (1996). *Reservas de biosfera: La Estrategia de Sevilla y el Marco Estatutario de la Red Mundial*. París.